

## 4.- PANORAMA SOCIAL

---

... O CAPÍTULO CUARTO DESTE INFORME sobre a situación económica e social da área funcional da Mariña lucense está dedicado ó estudio do panorama social, que dividimos en catro grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde e a asistencia social.

En canto ós datos sobre dotación de vivendas no seo da área funcional, recollidos no *Censo de poboación e vivendas 2001* do IGE, preséntanse as características do réxime de tenza das vivendas da área funcional, así como o número de membros das unidades familiares.

Por outra banda, a información no eido educativo extráese do devandito *Censo de poboación e vivendas 2001* (nivel de formación, tipo de estudos realizados e taxa de analfabetismo) e dos datos facilitados polo IGE e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A análise da saúde parte da información recollida na *Memoria 2003* do Servizo Galego de Saúde e comenta a poboación protexida dentro da área funcional, así como o número de camas e quirófanos e as listas de espera.

Finalmente, o estudio dos servizos sociais considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social –analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social– como a área das persoas maiores, onde se trata a situación dos centros propios dependentes da Consellería, prestadores de servizos sociais para as persoas maiores.

### Vivenda

Os datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001* permiten coñecer unha parte fundamental da estrutura social da área xeográfica anali-

4.1.

Fogares nos municipios 2001: distribución segundo rexime de tenza

	Total	En propiedade		En aluguer	Outros	
		Por compra pagada	Con pagos pendentos			Por herdanza ou doazón
<b>Comarca da Mariña Central</b>	10.311	4.314	967	2.873	910	1.247
Alfoz	810	134	4	497	33	142
Burela	2.687	1.563	405	225	306	188
Foz	3.283	1.395	366	638	319	565
Lourenzá	958	289	55	398	68	148
Mondoñedo	1.739	534	90	785	145	185
Valadouro	834	399	47	330	39	19
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	9.304	4.157	1.143	2.137	649	543
Cervo	1.584	761	242	307	88	186
Ouro	619	126	1	394	43	55
O Vicedo	753	96	65	386	21	185
Viveiro	5.287	2.744	765	663	440	
Xove	1.061	430	70	387	57	117
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	6.088	2.113	710	1.742	509	1.014
Barreiros	1.210	192	92	435	46	445
A Pontenova	1.135	328	26	557	90	134
Ribadeo	3.245	1.403	584	492	354	412
Trabada	498	190	8	258	19	23
<b>Provincia Lugo</b>	124.439	46.796	13.363	40.008	8.690	15.582
<b>Galicia</b>	900.376	391.781	113.216	193.049	94.524	107.806

Fonte: INE, Censo de poboación y viviendas 2001

zada como son os réximes de tenza das vivendas ou as características e número de membros das unidades familiares.

Neste senso, o **cadro 4.1.** mostra o total de vivendas en función ó réxime de tenza das mesmas nas tres comarcas e quince concellos que compoñen a área funcional da Mariña Lucense. Os datos do citado cadro mostran que o 40% das vivendas da área funcional pertencen á comarca da Mariña Central (10.311 vivendas). Sen embargo, a nivel municipal o concello cun maior número de vivendas é o de Viveiro, que, con 5.287 vivendas, acolle o 56,8% das vivendas totais da comarca da Mariña Occidental e o 20,6% das vivendas totais da área funcional, que no ano 2001 eran 25.703. Os seguintes concellos en importancia en canto o número de vivendas son os de Foz, con 3.283 vivendas (representan o 31,8% do total da Mariña Central), e o concello de

Ribadeo, con 3.245 vivendas (representan o 53,3% do total da comarca da Mariña Oriental).

O réxime de tenza máis estendido en tódolos concellos da área funcional é o de propiedade. Dentro do réxime de propiedade da vivenda, en oito concellos da área funcional (Alfoz, Lourenzá, Mondoñedo, Ouro, O Vicedo, Barreiros, A Pontenova e Trabada) as vivendas obtidas por herdanza ou doazón son as que presentan un maior número, por riba dos outros dous réximes de propiedade. Nos sete concellos restantes da área funcional o réxime de propiedade preponderante é o de “compra pagada”.

As porcentaxes de vivendas alugadas nos concellos da área funcional oscilan entre o 11,4% do total de vivendas do concello de Burela ata o 2,8% do concello de O Vicedo. En termos absolutos des-

## 4.2.

### Fogares nos municipios 2001: distribución segundo número de membros

	Total	1	2	3	4	5	6 ou máis	Tamaño medio
<b>Comarca da Mariña Central</b>	10.311	2.005	2.470	2.470	1.978	874	514	2,9
Alfoz	810	153	209	172	158	71	47	2,9
Burela	2.687	398	589	717	694	202	87	3,0
Foz	3.283	614	811	827	605	274	152	2,9
Lourenzá	958	211	227	212	148	100	60	2,9
Mondoñedo	1.739	424	455	354	239	151	116	2,8
Valadouro	834	205	179	188	134	76	52	2,8
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	9.304	1.796	2.234	2.128	1.900	741	505	2,9
Cervo	1.584	256	317	399	367	145	100	3,1
Ouro	619	188	197	132	60	31	11	2,3
O Vicedo	753	170	182	142	132	71	56	2,9
Viveiro	5.287	1.028	1.306	1.238	1.125	375	215	2,9
Xove	1.061	154	232	217	216	119	123	3,3
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	6.088	1.391	1.500	1.340	1.004	549	304	2,8
Barreiros	1.210	280	305	255	221	106	43	2,8
A Pontenova	1.135	250	298	232	177	108	70	2,9
Ribadeo	3.245	769	785	740	545	268	138	2,8
Trabada	498	92	112	113	61	67	53	3,2
<b>Provincia Lugo</b>	124.439	27.664	31.185	26.534	21.216	10.329	7.511	2,9
<b>Galicia</b>	900.376	177.476	210.529	195.915	177.737	81.291	57.428	3,0

Fonte: INE, Censo de poboación y viviendas 2001

taca o concello de Viveiro, con 440 vivendas en alugueiro. No conxunto da área funcional só dous concellos (Burela 11,4% e Ribadeo 10,9%) superan a media galega de vivendas en alugueiro, situada no 10,5%.

No que respecta ó número de membros nos fogares dos concellos da área obxecto de estudo, salienta que en dez dos quince concellos que compoñen a área funcional da Mariña lucense os fogares máis numerosos son os compostos por dous membros. Nos concellos de Burela, Foz, Cervo e Trabada os fogares de catro membros son os máis numerosos, mentres que no concello de Valadouro os fogares máis numerosos son aqueles que posúen só un membro (**cadro 4.2.**).

## Educación

A análise da situación do nivel de formación dos habitantes da área funcio-

nal da Mariña lucense, así como do sistema educativo nesta área xeográfica, realízase a partires dos datos recollidos no *Censo de poboación e vivenda 2001* e no *Mapa escolar* do IGE.

Das 65.722 persoas de máis de 16 anos en vivendas familiares da área funcional da Mariña lucense, o **cadro 4.3.** reflicte que o 32,3% (21.255 persoas) non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, un 16,3% (10.695 persoas) teñen menos de cinco anos de escolarización e un 1,9% (1.285 persoas) non saben ler ou escribir. Comparando co total provincial e galego, a poboación que non completou o bacharelato elemental representa o 23,9% e o 3,3%, respectivamente, a poboación con menos de cinco anos de escolarización representa o 15,6% do total provincial nesa situación e o 2,7% do total galego e, finalmente, a poboación que non sabe ler ou escribir dentro da área funcional representa o 19,8% do con-

4.3.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares en: distribución segundo o nivel de estudos

	A Mariña Lucense			Lugo	Galicia	A Mariña/ Lugo	A Mariña/ Galicia
	A Mariña Central	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental				
<b>Total</b>	26.420	23.907	15.395	315.361	2.335.614	20,84	2,81
Non sabe ler ou escribir	533	532	220	6.470	49.493	19,86	2,60
Menos de 5 anos de escolarización	2.916	4.839	2.940	68.433	383.078	15,63	2,79
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	9.878	6.417	4.960	88.817	626.124	23,93	3,39
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	5.899	5.653	3.388	69.810	593.710	21,40	2,52
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	2.893	2.505	1.426	31.094	257.262	21,95	2,65
FPI, FP grao medio, Oficialía Industrial	698	780	478	8.502	74.998	23,01	2,61
FPPI, FP grao superior, Mestría Industrial	1.425	1.417	650	13.082	104.609	26,69	3,34
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñaría Técnica	1.238	1.005	769	16.338	122.908	18,44	2,45
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	912	730	543	12.088	116.364	18,08	1,88
Doutoramento	28	29	21	727	7.068	10,73	1,10

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

4.4.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e nivel de estudos

	Homes						Galicia	A Mariña/ Lugo	A Mariña/ Galicia		
	A Mariña Central		A Mariña Lucense		A Mariña Oriental					Lugo	Total
	A Mariña Central	A Mariña Oriental	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental					
<b>Total</b>	12.717	10.590	7.253	30.560	152.058	1.112.041	20,10	2,75			
Non sabe ler ou escribir	106	126	71	303	1.697	11.977	17,86	2,53			
Menos de 5 anos de escolarización	1.187	1.085	1.219	3.491	30.437	160.709	11,47	2,17			
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	4.730	3.113	2.347	10.190	43.917	299.286	23,20	3,40			
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	3.198	2.859	1.824	7.881	37.770	308.897	20,87	2,55			
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	1.406	1.180	688	3.274	14.759	126.405	22,18	2,59			
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	380	524	246	1.150	4.619	39.456	24,90	2,91			
FPI, FP grao superior, Mestre industrial	776	903	319	1.998	6.954	57.193	28,73	3,49			
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñaría Técnica	481	424	291	1.196	5.830	47.289	20,51	2,53			
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	438	359	238	1.035	5.650	56.601	18,32	1,83			
Doutoramento	15	17	10	42	425	4.228	9,88	0,99			
								(%)			
	Mulleres						Galicia	A Mariña/ Lugo	A Mariña/ Galicia		
	A Mariña Central		A Mariña Lucense		A Mariña Oriental					Lugo	Total
	A Mariña Central	A Mariña Oriental	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental					
<b>Total</b>	13.703	12.317	8.142	34.162	163.303	1.223.573	20,92	2,79			
Non sabe ler ou escribir	427	406	149	982	4.773	37.516	20,57	2,62			
Menos de 5 anos de escolarización	1.729	2.754	1.721	6.204	37.996	222.369	16,33	2,79			
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	5.148	3.304	2.613	11.065	44.900	326.838	24,64	3,39			
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	2.701	2.794	1.564	7.059	32.040	284.813	22,03	2,48			
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	1.487	1.325	738	3.550	16.335	130.857	21,73	2,71			
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	318	256	232	806	3.883	35.542	20,76	2,27			
FPI, FP grao superior, Mestre industrial	649	514	331	1.494	6.128	47.416	24,38	3,15			
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñaría Técnica	757	581	478	1.816	10.508	75.619	17,28	2,40			
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría Superior	474	371	305	1.150	6.438	59.763	17,86	1,92			
Doutoramento	13	12	11	36	302	2.840	11,92	1,27			

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001

4.5.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo a clase de estudos

	A Mariña Central		A Mariña Lucense		Lugo	Galicia	A Mariña/Lugo		A Mariña/Galicia (%)
	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental			A Mariña/Lugo	A Mariña/Galicia (%)	
<b>Total</b>	4.301	3.961	2.461	10.723	50.737	425.947	21,13	2,52	
Dereito	107	98	57	262	2.036	19.546	12,87	1,94	
Maxisterio, Educación infantil	494	406	349	1.249	6.999	46.676	17,85	2,68	
Ciencias sociais	893	692	572	2.157	10.067	93.582	21,43	2,30	
Artes e Humanidades	246	198	187	631	3.333	30.685	18,93	2,06	
Informática	85	93	49	227	1.583	14.105	14,34	1,61	
Enxeñerías	168	174	86	428	2.479	18.592	17,27	2,30	
Formación técnica e Industrias	1.058	1.419	423	2.900	10.517	80.476	27,57	3,60	
Ciencias	189	154	103	446	2.088	22.798	21,36	1,96	
Arquitectura ou Construción	54	61	28	143	811	8.075	17,63	1,77	
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	124	68	95	287	1.508	6.445	19,03	4,45	
Saúde, Servizos sociais	538	312	306	1.156	6.680	53.825	17,31	2,15	
Outros estudos	345	286	206	837	2.636	31.142	31,75	2,69	

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

xunto desta poboación na provincia de Lugo e o 2,8% en Galicia.

No concernente á formación profesional, un total de 5.448 persoas (o 8,3% dos maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares da área funcional) tiñan estudos de formación profesional, dos que 1.956 (o 35,9%) tiñan un nivel de estudos de “FP I, FP grao medio, Oficialía industrial” e 3.492 persoas (o 64,1% restante) tiñan un nivel de estudos de “FP II, FP grao superior, Mestría industrial”. Comparando co total provincial e galego, as persoas que posúen formación profesional na área funcional da Mariña lucense representan o 25,2% das persoas co mesmo nivel de formación na provincia de Lugo e o 3% no conxunto de Galicia. Estas porcentaxes son do 26,7% e do 3,3%, respectivamente, no caso da “FP II, FP grao medio, Mestría industrial”.

A poboación con estudos universitarios ascendeu a 5.275 persoas (o 8% da poboación de máis de 16 anos residente en vivendas familiares na área funcional da Mariña), dos que 3.012 posuían unha diplomatura ou enxeñería técnica, 2.185 persoas unha licenciatura e as 78 persoas restantes tiñan o doutoramento. En relación ó nivel de estudos na provincia de Lugo e en Galicia, no conxunto da área funcional da Mariña residen o 18,1% dos universitarios totais da provincia de Lugo e o 2,1% dos existentes na Comunidade Autónoma.

O **cadro 4.4.** mostra a distribución dentro da área funcional da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares, non só segundo o nivel de estudos senón

tamén segundo o sexo. Este cadro reflicte como dentro da área funcional da Mariña lucense existe un 36,8% máis de homes que de mulleres con estudos de Formación Profesional (superior e media), mentres que o número de mulleres con estudos universitarios é un 32% superior ó dos homes. Por outra banda, a porcentaxe de mulleres que non saben ler ou escribir e as que non completaron o bacharelato ou teñen menos de cinco anos de escolarización é superior ó dos homes nun 22,4% e un 26,2%, respectivamente.

O **cadro 4.5.** mostra a distribución da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares segundo a súa clase de estudos. Na área da Mariña lucense en canto ó número de estudantes predomina a formación técnica e industrias (2.900 persoas), seguida das ciencias sociais (2.157 persoas), representando esta clase de estudos o 27,5% e o 21,4% do total de titulados nesas especialidades na provincia de Lugo respectivamente. A distribución da poboación segundo a clase de estudos e o sexo mostra que, **cadro 4.6.**, dos 2.900 titulados en formación técnica e industrias, o 81,3% son homes, e que dos 2.157 titulados en ciencias sociais dentro da área funcional analizada, o 67,4% son mulleres, así como o 73,2% dos titulados en maxisterio, educación infantil.

No que respecta á taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos residente en vivendas familiares na área funcional da Mariña lucense (**cadro 4.7.**), a nivel comarcal esta taxa rexistra niveis superiores á taxa media galega (2,1) e provincial (2,1), no caso da comarca da Mariña Occidental (2,2). As taxas de

4.6.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e clase de estudos

	Homes				Lugo	Galicia	A Mariña/ Lugo	A Mariña/ Galicia
	A Mariña Lucense			Total				
	A Mariña Central	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental					
<b>Total</b>	2.090	2.227	1.104	5.421	23.478	204.767	23,09	2,65
Dereito	48	50	29	127	1.037	9.690	12,25	1,31
Maxisterio, Educación infantil	142	101	91	334	1.722	11.627	19,40	2,87
Ciencias sociais	289	231	183	703	3.508	34.576	20,04	2,03
Artes e Humanidades	86	83	60	229	1.123	11.084	20,39	2,07
Informática	61	54	28	143	840	8.351	17,02	1,71
Enxeñerías	136	145	67	348	1.753	14.915	19,85	2,33
Formación técnica e Industrias	836	1.156	365	2.357	8.415	65.351	28,01	3,61
Ciencias	76	64	38	178	833	10.313	21,37	1,73
Arquitectura ou Construción	42	42	21	105	549	5.550	19,13	1,89
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	108	59	66	233	1.052	4.717	22,15	4,94
Saúde, Servicios sociais	130	83	58	271	1.629	14.573	16,64	1,86
Outros estudos	136	159	98	393	1.017	14.020	38,64	2,80
<b>Mulleres</b>								
	A Mariña Lucense			Total	Lugo	Galicia	A Mariña/ Lugo	A Mariña/ Galicia
	A Mariña Central	A Mariña Occidental	A Mariña Oriental					
<b>Total</b>	2.211	1.734	1.357	5.302	27.259	221.180	19,45	2,40
Dereito	59	48	28	135	999	9.856	13,51	1,37
Maxisterio, Educación infantil	352	305	258	915	5.277	35.049	17,34	2,61
Ciencias sociais	604	461	389	1.454	6.559	59.006	22,17	2,46
Artes e Humanidades	160	115	127	402	2.210	19.601	18,19	2,05
Informática	24	39	21	84	743	5.754	11,31	1,46
Enxeñerías	32	29	19	80	726	3.677	11,02	2,18
Formación técnica e Industrias	222	263	58	543	2.102	15.125	25,83	3,59
Ciencias	113	90	65	268	1.255	12.485	21,35	2,15
Arquitectura ou Construción	12	19	7	38	262	2.525	14,50	1,50
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	16	9	29	54	456	1.728	11,84	3,13
Saúde, Servicios sociais	408	229	248	885	5.051	39.252	17,52	2,25
Outros estudos	209	127	108	444	1.619	17.122	27,42	2,59

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 200 1

4.7.

Taxas de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos: distribución segundo sexo

	Total	Homes	Mulleres
<b>Comarca da Mariña Central</b>	2,0	0,8	3,1
Alfoz	2,6	1,3	3,9
Burela	1,3	0,5	2,1
Foz	1,8	0,5	3,0
Lourenzá	2,1	1,1	2,9
Mondoñedo	2,1	0,7	3,3
Valadouro	4,3	2,8	5,7
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	2,2	1,1	3,3
Cervo	2,0	1,1	2,8
Ouro	3,2	1,7	4,5
O Vicedo	2,7	2,1	3,3
Viveiro	2,0	0,9	3,1
Xove	2,7	1,0	4,5
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	1,4	1,0	1,8
Barreiros	2,1	1,7	2,5
A Pontenova	1,5	0,8	2,2
Ribadeo	1,2	0,7	1,6
Trabada	1,2	1,3	1,0
<b>Lugo</b>	2,1	1,1	2,9
<b>Galicia</b>	2,1	1,1	3,1

Fonte: IGE; Censos de Poboación e vivendas 2001

analfabetismo masculino nas tres comarcas que compoñen a área funcional son inferiores ou iguais ás taxas medias galega e provincial, mentres que no caso das taxas de analfabetismo feminino, as comarcas da Mariña Central e Occidental presentan taxas de 3,1 e 3,3 respectivamente, superiores á taxa media da provincia de Lugo (2,9) e de Galicia (3,1). A nivel municipal destaca o concello de Valadouro, cunha taxa de analfabetismo do 4,3, ascendendo neste concello a taxa de analfabetismo feminino ó 5,7, dous con seis puntos superior á taxa media de analfabetismo feminino de Galicia.

En relación ó **mapa escolar** da área funcional da Mariña lucense, os **cadros 4.8., 4.9. e 4.10.** recollen, respectivamente, a situación a nivel comarcal e municipal dos tres elementos formativos do enramado educativo: o alumnado, os centros e o profesorado.

No **cadro 4.8.** recóllese información sobre o alumnado no curso 1998-1999. Obsérvase en primeiro lugar que a poboación susceptible de estar en algún dos distintos graos formativos, isto é, a poboación entre 4 e 18 anos, é de 11.977 persoas no conxunto da área funcional. Sen embargo, este dato non é significativo xa que na actualidade a escolarización obrigatoria en España remata ós 16 anos.

Na área funcional considerada atópase o 22,8% e o 2,7% dos alumnos dos diferentes graos formativos do conxunto da provincia de Lugo e de Galicia, respectivamente. Destaca que a área funcional da Mariña acolle o 55,6% dos alumnos totais dos programas de garantía exis-

tentes na provincia de Lugo. A nivel comarcal, e tendo en conta o número de alumnos por nivel formativo, destaca a comarca da Mariña Central, con 4.825 alumnos, seguida da comarca da Mariña Occidental, con 4.719 alumnos. Neste senso, o 60% dos alumnos totais matriculados na área funcional en BUP e COU pertencen á comarca da Mariña Central, así como o 58% dos alumnos matriculados en Formación Profesional.

A nivel municipal destacan, dentro da comarca da Mariña Central, os concellos de Burela e Foz, que acollen o 65,5% do total de alumnos matriculados na comarca. Dentro da comarca da Mariña Occidental destaca o concello de Viveiro, co 55,7% do total de alumnos matriculados na comarca. Na Mariña Oriental salienta polo número de alumnos matriculados o concello de Ribadeo, co 52,3% do total da comarca.

Da análise da distribución comarcal dos centros educativos segundo o nivel formativo, **cadro 4.9.**, despréndese a existencia na área funcional da Mariña lucense de catro centros de educación infantil exclusiva (tres dos mesmos emprazados na comarca da Mariña Occidental), dous centros de educación primaria exclusiva (os dous pertencen á comarca da Mariña Occidental), 31 centros de educación infantil e primaria, dous centros de E.S.O. exclusiva (situados na comarca da Mariña Central), tres centros de educación infantil, primaria e E.S.O (dous deles emprazados na comarca da Mariña Central), un centro de Bacharelato exclusivo, un centro de Formación Profesional I exclusivo e once centros de E.S.O. e Bacha-

4.8.

Alumnado no curso 1998-99

	Poboación de 4 a 18 anos (1)	E.Infantil	E.Primaria	E.S.O.	BUP e COU	Bacharelato LOXSE	Formación Profesional	Módulos profesionais	Ciclos Formativos	Programas de Garantía	Educación Especial
<b>Área a Mariña Lucense</b>	11.977	1.385	3.993	3.185	1.769	377	979	-	604	20	-
<b>Comarca da Mariña Central</b>	4.825	579	1.655	1.219	1.061	47	568	-	144	-	-
Alfoz	331	30	98	150	-	-	-	-	-	-	-
Burela	1.623	200	504	411	529	47	180	-	144	-	-
Foz	1.539	222	646	414	367	-	381	-	-	-	-
Lorenzá	392	39	100	-	-	-	-	-	-	-	-
Mondedo	620	50	184	244	165	-	7	-	-	-	-
Valadouro	320	38	123	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	4.719	516	1.550	1.273	520	187	352	-	236	-	-
Cervo	961	86	248	291	-	111	-	-	-	-	-
Ouro	132	16	36	-	-	-	-	-	-	-	-
O Vicedo	365	22	114	-	-	-	-	-	-	-	-
Viveiro	2.631	342	1.004	806	520	76	352	-	209	-	-
Xove	630	50	148	176	-	-	-	-	27	-	-
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	2.433	290	788	693	188	143	59	-	224	20	-
Barreiros	465	34	108	-	-	-	-	-	-	-	-
A Pontenova	472	53	152	191	-	70	-	-	-	-	-
Ribadeo	1.273	183	465	502	188	73	59	-	224	20	-
Trabada	233	20	63	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Lugo</b>	52.633	6.811	17.969	13.326	7.046	1.370	4.513	-	1.930	36	124
<b>Galicia</b>	442.163	58.089	149.682	106.755	69.011	7.652	38.207	38	12.920	906	1.481
<b>A Mariña / Lugo (%)</b>	22,76	20,33	22,22	23,90	25,11	27,52	21,69	-	31,30	55,56	-
<b>A Mariña / Galicia (%)</b>	2,71	2,38	2,67	2,98	2,56	4,93	2,56	-	4,67	2,21	-

(1) datos da Revisión do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1998.  
Fonte: IGE

4.9.

Centros de ensino no curso 1998-99

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. Infantil e E. Primaria	ESO (exclus.)	E. Primaria e ESO	E. Infantil, E. Primaria e ESO	Bachs. (exclus.)	F.P.I (exclus.)	Bachs. e FP	ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil-Primaria-ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil-Primaria e (Bachs. e/ou FP)	Específicos de E. Especial	BIUP e COU a distancia (INGABAD)
<b>Área de A Mariña Lucense</b>	4	2	31	2	-	3	1	1	-	11	-	-	-	-
<b>Comarca da Mariña Central</b>	1	-	11	2	-	2	1	-	-	4	-	-	-	-
Alfoz	-	-	1	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Burela	1	-	2	-	-	-	-	-	-	2	-	-	-	-
Foz	-	-	4	-	-	2	1	-	-	1	-	-	-	-
Lourenzá	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Mondrío	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Mondrío	-	-	1	1	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-
Veladouro	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	3	2	15	-	-	-	-	-	-	4	-	-	-	-
Cervo	-	-	3	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-
Ouro	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
O Vicedo	3	1	3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Viveiro	-	-	6	-	-	-	-	-	-	2	-	-	-	-
Xove	-	-	1	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	-	-	5	-	-	1	-	1	-	3	-	-	-	-
Barreiros	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
APontenova	-	-	1	-	-	-	-	-	-	1	-	-	-	-
Ribadeo	-	-	1	-	-	1	-	1	-	2	-	-	-	-
Trabada	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Lugo</b>	13	3	125	5	-	33	1	6	-	36	-	2	4	1
<b>Galicia</b>	391	32	691	31	28	348	2	66	3	215	9	70	37	5
<b>A Mariña / Lugo (%)</b>	30,8	66,7	24,8	40,0	-	9,1	100,0	16,7	-	30,6	-	-	-	-
<b>A Mariña / Galicia (%)</b>	1,0	6,3	4,5	6,5	-	0,9	50,0	1,5	-	5,1	-	-	-	-

Fonte: IGE

4.10.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1998-99

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. S. O. (exclus.)	Bacharelato s (exclus.)	FP (exclus.)	Educación Especial	E. Primaria e ESO (simult.)	ESO e post- obrigatorias (simult.)	Outros (simult.)	Resto
<b>A Mariña Lucense</b>	89	334	180	112	120	-	24	162	41	16
<b>Comarca da Mariña Central</b>	35	134	81	55	46	-	12	67	16	9
Alfoz	2	11	15	-	-	-	-	-	-	-
Burela	12	39	19	20	21	-	-	40	7	4
Foz	13	45	26	29	24	-	12	11	5	2
Lourenzá	2	9	-	-	-	-	-	-	3	1
Mondriledo	3	18	21	6	1	-	-	16	1	1
Valadouro	3	12	-	-	-	-	-	-	-	1
<b>Comarca da Mariña Occidental</b>	37	138	65	29	44	-	-	64	15	4
Cervo	7	31	13	4	-	-	-	15	1	2
Ourense	1	4	-	-	-	-	-	-	-	-
O Vicedo	2	10	-	-	-	-	-	-	5	-
Viveiro	24	80	36	25	41	-	-	49	7	2
Xove	3	13	16	-	3	-	-	-	1	-
<b>Comarca da Mariña Oriental</b>	17	62	34	28	30	-	12	31	10	3
Barreiros	3	13	-	-	-	-	-	-	3	-
APontenova	3	16	11	2	-	-	-	12	-	-
Ribadeo	9	25	23	26	30	-	12	19	7	3
Trabada	2	8	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Provincia Lugo</b>	408	1.384	749	369	510	29	144	708	184	57
<b>Galicia</b>	3.267	9.712	5.190	2.485	3.648	320	1.998	6.036	1.627	420
<b>A Mariña / Lugo (%)</b>	21,81	24,13	24,03	30,35	23,53	-	16,67	22,88	22,28	28,07
<b>A Mariña / Galicia (%)</b>	2,7	3,4	3,5	4,5	3,3	-	1,2	2,7	2,5	3,8

Fonte: IGE

**4.11.**

**Oferta de ciclos formativos de Formación Profesional Regrada en centros sostidos con fondos públicos 2003-2004 na área da Mariña lucense**

Concello	Centro	Ciclo (1)	Prazas
Burela	IES Monte Castelo	CS Animación de actividades físicas e deportivas	30
		CM Coidados auxiliares de enfermería	22
	IES Perdouro	CM Saúde ambiental	22
		CS Administración e finanzas	30
		CS Desenvolvemento de produtos electrónicos	22
		CM Xestión administrativa	30
		CM Equipos electrónicos de consumo	22
		CM Mecanizado	22
		CM Perruquería	22
		CS Química Ambiental	30
Cervo	IES Marqués de Sargadelos	CS Química Ambiental	30
Foz	IES de Foz	CS Desenvolvemento de aplicacións informáticas	30
		CS Restauración	22
		CM Comercio	30
		CM Cociña	22
Mondoñedo	IES San Rosendo	CM Servicios de restaurante e bar	30
		CS Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos	22
		CM Traballos forestais e de conservación do medio natural	22
Ribadeo	CFEA Pedro Murias	CM Fabricación e medida e instalación de carpintería e moble	22
		CM Explotacións agrarias extensivas	25
	IES Dionisio Gamallo Fierros IES Porta da Auga	CM Conserveira vexetal, cárnica e de peixe	25
		CS Educación infantil	30
		CS Administración e finanzas	30
		CS Automoción	22
		CM Xestión administrativa	30
		CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
		CM Electromecánica de vehículos	22
		DM Acabados de construción	22
DM Carrocería	22		
Viveiro	IES María Sarmiento	CS Administración e finanzas	30
		CS Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción	30
		CS Instalacións electrotécnicas	22
		CM Xestión administrativa	30
		CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
		CM Soldadura e carrocería	22
		CM Carrocería	22
CM Electromecánica de vehículos	22		
Xove	IES Illa de Sarón	CM Administración de sistemas informáticos	30
Total Lugo	Ciclos Medios	60	
	Ciclos Superiores	50	

(1) CM: Ciclo Medio; CS: Ciclo superior  
 Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

relato e/ou FP. Como se mostra no citado cadro, non existen dentro da área funcional, entre outros, ningún centro específico de educación especial.

O **cadro 4.10.** mostra datos sobre o profesorado asociado ós centros analizados, reflectindo unhas porcentaxes de profesores por centros de ensino lixeiramente superiores ás porcentaxes de alumnos matriculados nos citados centros.

No que respecta á Formación Profesional regrada, o **cadro 4.11.** mostra a

oferta de ciclos formativos de F.P. regrada en centros sostidos con fondos públicos no curso 2002-2003 na área funcional da Mariña lucense. Cabe destacar en primeiro lugar a existencia de sete concellos dentro da área funcional con centros educativos onde se imparte a dita formación profesional, concentrándose o maior volume de oferta de ciclos así como de prazas nos concellos de Ribadeo, Burela e Viveiro.

Na área funcional da Mariña lucense impartíronse durante o curso 2003-2004

4.12.

**Titulados e investimento** <sup>(1)</sup> nos cursos de Formación Profesional Ocupacional 2003: distribución segundo comarcas

	Nº cursos	Nº alumnos	Investimento (en €)
<b>A Mariña Central</b>	35	536	893.335
Administración e oficinas	2	33	33.135
Comercio	3	45	63.200
Servicios ás empresas	12	182	146.348
Edificación e obras públicas	1	13	40.444
Industrias alimentarias	6	91	209.749
Industria pesada e construcións metálicas	2	29	46.427
Industria da madeira e a cortiza	1	14	55.761
Montaxe e instalación	1	16	57.316
Mantemento e reparación	1	14	61.245
Sanidade	2	35	45.814
Seguros e finanzas	1	16	28.144
Servicios á comunidade e persoais	1	19	23.910
Transportes e comunicacións	1	15	29.138
Turismo e hostalería	1	14	52.704
<b>A Mariña Occidental</b>	35	566	987.029
Agraria	1	18	22.871
Administración e oficinas	1	15	18.819
Comercio	3	42	37.617
Servicios ás empresas	9	143	141.539
Edificación e obras públicas	2	32	75.160
Fabricación de equipos electromecánicos	1	19	42.840
Industrias alimentarias	1	19	30.983
Industria pesada e construcións metálicas	4	66	96.948
Industria da madeira e a cortiza	1	12	58.704
Montaxe e instalación	1	15	53.369
Mantemento e reparación	1	20	81.939
Produc.,transf. E distribuc de enerxía e auga	2	31	52.154
Sanidade	3	51	55.360
Seguros e finanzas	1	15	28.144
Servicios á comunidade e persoais	1	15	22.772
Transportes e comunicacións	1	18	29.138
Turismo e hostalería	2	35	138.672
<b>A Mariña Oriental</b>	19	232	214.616
Administración e oficinas	1	16	18.240
Automoción	1	-	12.632
Comercio	3	28	20.006
Servicios ás empresas	11	159	95.935
Edificación e obras públicas	1	-	20.096
Sanidade	1	16	12.132
Turismo e hostalería	1	13	35.575
<b>Área funcional</b>	<b>89</b>	<b>1.334</b>	<b>2.094.980</b>

(1) Os investimentos obtéñense dos presupostos previstos para os cursos, non do custo final dos mesmos  
 Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

un total de 13 ciclos superiores e 24 ciclos medios, o que supón o 26% e o 40% do total de ciclos superiores e medios, respectivamente, impartidos no conxunto da provincia de Lugo no citado curso.

No eido da formación profesional ocupacional, no **cadro 4.12.** expóñense os titulados nos cursos de formación profesional ocupacional por comarcas na área funcional. A nivel xeral, ó longo do ano 2003, na área funcional da Mariña lucense impartíronse 89 cursos ós que asistiron 1.334 alumnos, cursos que contaban

cun orzamento previsto de 2.094.980 euros.

Na comarca da Mariña Central impartíranse a decembro do ano 2003, 35 cursos, ós que asistiron 536 alumnos, contando un orzamento previsto de 893 mil euros. A materia á que se dedicaron un maior número de cursos foi á de “servizos ás empresas”, con 12 cursos e 182 alumnos, seguida de “industrias alimentarias”, con 6 cursos e 91 alumnos. Na comarca da Mariña Occidental impartíronse no citado ano un total de 35 cursos ós que

**4.13.**

**Ocupacións máis ofertadas e máis demandadas 2003: distribución segundo comarcas**

Ofertadas		Demandadas	
	Prazas		Demandantes
<b>A Mariña Central Total Prazas</b>	<b>405</b>	<b>Total Demandantes (1)</b>	<b>1.904</b>
Albanel	25	Dependente de comercio en xeral	419
Camareiro-Barman	21	Mozo-Muller de limpeza, limpador en xeral	333
Conductor meradorías / camión	18	Empregado administrativo en xeral	293
Mozo-Muller de limpeza	16	Peón da ind. manufactureira, en xeral	245
Pintor / Colorista	13	Técnico en medio ambiente	157
Dependente en xeral	12	Asistente domiciliario	121
Peón de albanel/Peón de obras públicas	11	Limpador- mantedor de piscinas	109
Axudante de cociña	9	Camareiro, en xeral	106
Perruqueiro	8	Peón da construción de edificios	101
Axudante de albanel	7	Pinche de cociña	101
<b>A Mariña Occidental</b>	<b>331</b>		<b>1.992</b>
Camareiro-Barman	24	Peón da ind. manufactureira, en xeral	540
Axente comercial / vendedor	18	Dependente de comercio en xeral	393
..Xenérico licenciados..	18	Mozo-Muller de limpeza, limpador en xeral	355
Peón de albanel/Peón de obras públicas	16	Empregado administrativo en xeral	276
Soldador	12	Limpador-preparador peixe para conserva	169
Albanel	11	Peón forestal	146
Manipulador de froitas e hortaliças	8	Peón da construción de edificios	129
Auxiliar administrativo	8	Asistente domiciliario	127
Encofrador	8	Peón de obras públicas	126
Axudante de cociña	8	Camareiro en xeral	95
<b>A Mariña Oriental</b>	<b>118</b>		<b>1.055</b>
Camareiro-Barman	8	Dependente de comercio en xeral	271
Perruqueiro/a	5	Mozo-Muller de limpeza, limpador en xeral	178
Dependente en xeral	4	Técnico en medio ambiente	167
Azafata(o) de degustación/Promotor(a)	3	Empregado administrativo en xeral	165
Encofrador	3	Limpador- mantedor de piscinas	112
Peón de albanel/Peón de obras públicas	3	Peón da ind. manufactureira, en xeral	107
Carniceiro	3	Peón da construción de edificios	93
Operador torno universal	3	Camareiro en xeral	69
Mozo-Muller de limpeza	3	Traballador retén incendios forestais	60
Conductor meradorías / camión	3	Pinche de cociña	59

(1) Un demandante pode solicitar ata 6 ocupacións distintas, polo que a suma da columna de demandas das ocupacións indicadas, non coincide co número de demandantes totais que as solicitan

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

asistiron 566 alumnos, contando cun orzamento previsto de 987 mil euros. As materias ás que se lles dedicou un maior número de cursos dentro desta comarca foron en primeiro lugar a “servizos ás empresas”, con 9 cursos e 143 alumnos, seguida da de “industria pesada e construcións metálicas”, con 4 cursos e 66 alumnos. Na comarca da Mariña Oriental impartíronse no ano 2003 un total de 19 cursos ós que asistiron 232 alumnos, e os que contaban cun orzamento previsto de 214 mil euros. As materias ás que se lles dedicou un maior número de cursos na comarca foron “servizos ás empresas”, con 11 cursos e 159 alumnos, e “comercio”, con 3 cursos e 28 alumnos.

Tendo en conta os cursos de forma-

ción ocupacional impartidos en cada unhas das tres comarcas que compoñen a área funcional analizada, o **cadro 4.13.** mostra as ocupacións máis ofertadas e máis demandadas a nivel comarcal. Á hora de analiza-lo **cadro 4.13.**, hai que ter en conta que un demandante pode solicitar ata 6 ocupacións distintas, polo que a suma da columna de demandas das ocupacións indicadas non coincide co número total de demandantes que as solicitan. Tendo isto en conta, o maior número de ofertas dáse na comarca da Mariña Central, con 405. Entre as actividades ofertadas na citada comarca destaca polo número de ofertas a de “albanel”, con 25 ofertas, seguida da de “camareiro-barman” e “conductor mercadorías/camión”, con 21 e 18, respectivamente. Fronte a

4.14.

Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2003

	0 - 14 anos	15 - 64 anos	mais de 64 anos	Total
Hospital da Costa	6.881	46.043	17.708	70.632
Hospital Xeral-Calde (1)	21.470	137.508	61.704	220.682
				-
<b>Total Galicia</b>	<b>300.844,0</b>	<b>1.795.276,0</b>	<b>580.768,0</b>	<b>2.676.888</b>

(1) O único concello da área funcional da Mariña lucense cuxa poboación está protexida sanitariamente polo Hospital Xeral- Calde é o concello de A Pontenova

Fonte: Sergas

estas ocupacións máis ofertadas, as máis demandadas na comarca son as de “dependente de comercio en xeral” (419), “mozo-muller de limpeza, limpador en xeral” (333) e “empregado administrativo en xeral” (293). Na comarca da Mariña Central existen tres coincidencias entre as dez ocupacións máis ofertadas e as dez máis demandadas. Estas coincidencias prodúcese nas actividades de “mozo-muller de limpeza” (16 ofertas, 333 demandas), “dependente en xeral” (12 ofertas, 419 demandas) e “axudante de cociña” (9 ofertas, 101 demandas).

Na comarca da Mariña Occidental, as ocupacións máis ofertadas son as de “camareiro- barman”, con 24 ofertas, seguida da de “axente comercial/vendedor” e “...xenérico licenciados...”, con 18 ofertas cada unha. Entre as ocupacións máis demandadas na comarca destacan as de “peón da ind. manufactureira en xeral” (540), “dependente de comercio en xeral” (393) e “mozo-muller de limpeza, limpador en xeral” (355). Na comarca da Mariña Occidental non existen coincidencias entre as dez ocupacións máis ofertadas e as dez máis demandadas.

Finalmente, na comarca da Mariña Oriental producíronse no ano 2003 un total de 118 ofertas, sendo as ocupacións

máis ofertadas na comarca as de “camareiro-barman”, con 8 ofertas, a de “perruqueiro/a”, con 5 ofertas, e a de “dependente en xeral”, con 4 ofertas. Entre as actividades máis demandadas están as de “dependente de comercio en xeral” (271), “mozo-muller de limpeza, limpador en xeral” (178) e a de “técnico de medio ambiente” (167). Na comarca da Mariña Occidental só existen dúas coincidencias entre as dez ocupacións máis ofertadas e as dez máis demandadas: na actividade de “dependente en xeral” (4 ofertas, 271 demandas) e na de “mozo-muller de limpeza” (3 ofertas e 178 demandas).

### Saúde

O **cadro 4.14.** mostra a poboación protexida para hospitalización xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais na área funcional distribuída por idades. A poboación da área funcional está protexida hospitalariamente polo Hospital da Costa, que cubre ó 94% da poboación da área funcional, así como polo Hospital Xeral-Calde, que protexe á poboación do concello de A Pontenova. O 65,2% das 70.632 persoas protexidas polo Hospital da Costa está entre 15 e 64 anos.

A distribución do número de camas e

**4.15.**

**Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 2003**

	Camas		Quirófanos	
	Instaladas	Funcionantes	Instalados	Urxencias
Hospital da Costa	140	135	5	1
Hospital Xeral-Calde (1)	795	700	13	1
<b>Total Lugo</b>	<b>1.072</b>	<b>967</b>	<b>21</b>	<b>3</b>
<b>Total Galicia</b>	<b>8.147</b>	<b>7.680</b>	<b>165</b>	<b>12</b>

(1) O concello de A Pontenova é o único da área funcional protexido polo Hospital Xeral-Calde  
 Fonte: *Sergas*

quirófanos nos dous hospitais dependentes do Sergas que afectan á poboación da área funcional e a comparación co total de hospitais do Sergas está recollida no **cadro 4.15**. O número de camas instaladas no Hospital da Costa, situado no concello de Burela, no ano 2003 ascendeu a 140, das que 135 corresponden a camas funcionantes. Atendendo ó peso relativo sobre o total galego, as camas instaladas e funcionantes do Hospital da Costa representan, respectivamente, o 1,7% e o 1,8% do total das camas en Galicia.

No que ó número de quirófanos se refire, na área funcional da Mariña lucense, e, en concreto, no Hospital da Costa, referencia hospitalaria de tódolos concellos da área funcional agás o concello de A Pontenova, hai un total de 5 quirófanos instalados (1 de urxencias), o que representa o 23,8% dos quirófanos instalados na provincia de Lugo e o 3% do total de Galicia.

No caso da atención especializada, no ano 2003 prodúcese un total de 5.394 ingresos no Hospital da Costa (76,37 ingresos por cada 1.000 habitantes), o que supuxo un incremento do 12,3% respecto os ingresos do ano anterior. A estadia media neste hospital foi de 6,34 días,

fronte ós 9,01 días no conxunto dos hospitais do Sergas (**cadro 4.16**).

En relación á actividade cirúrxica, no Hospital da Costa ó longo do ano 2003 producíronse un total de 4.803 intervencións, un 7,3% máis que no ano anterior, o que representa o 2,9% das intervencións totais practicadas en Galicia polos hospitais pertencentes ó Sergas. Por outra banda, é importante salientalo incremento do 8,7% das intervencións programadas no Hospital da Costa no ano 2003 así como o incremento do 7,2% das intervencións por cada 1.000 habitantes, que acadan no ano 2003 as 68 intervencións por cada 1.000 habitantes.

Polo que respecta á actividade de obstetricia, o número de partos no Hospital da Costa no ano 2003 ascendeu a 285, un 8% máis que no ano anterior, dos que 127 foron por cesárea.

No ano 2003, no Hospital da Costa, realizáronse un total de 104.573 consultas, un 5,6% máis que no ano anterior, o que representa o 2,6% do total das consultas realizadas polos hospitais do Sergas en Galicia ó longo do ano 2003. O número de urxencias atendidas no Hospital da Costa foi de 23.704, un 1,9% máis que

4.16.

Actividade asistencial 2002-03: atención especializada

	Hospitais do Sergas total Galicia (1)			Hospital da Costa		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Estadías	2.100.783	2.131.409	1,46	31.728	34.222	7,9
Ingresos	233.840	236.578	1,17	4.803	5.394	12,3
Traslados internos	32.812	32.753	-0,18	1.135	1.319	16,2
Ingresos por mil habitantes	88,32	88,38	0,07	68,14	76,37	12,1
Estadía media global	8,98	9,01	0,33	6,61	6,34	-4,1
Estadía media materno-infantil	3,87	3,69	-4,65	3,75	3,55	-5,3
% de ocupación	81,90	81,87	-0,04	71,86	69,45	-3,4
Índice de rotación	33,77	33,62	-0,44	40,52	39,96	-1,4
Intervencións totais	164.117	164.737	0,38	4.476	4.803	7,3
Intervencións programadas	118.408	118.228	-0,15	3.439	3.737	8,7
Intervencións urxentes	34.854	36.246	3,99	1.034	1.066	3,1
Intervencións ambulatorias	74.337	75.841	2,02	1.891	1.968	4,1
Intervencións por mil habitantes	61,98	61,54	-0,71	63,45	68,00	7,2
% Intervencións ambulatorias	45,30	46,04	1,63	42,28	40,97	-3,1
Índice de programación (%)	72,15	71,77	-0,53	76,88	77,81	1,2
Estadía media preoperatoria	1,79	1,67	-6,70	1,41	1,30	-7,8
Partos	12.373	13.016	5,20	264	285	8,0
Cesáreas	4.179	4.600	10,07	129	127	-1,6
Taxa de cesáreas (%)	25,25	26,11	3,41	32,82	30,83	-6,1
Consultas totais	4.155.525	4.079.738	-1,82	99.002	104.573	5,6
Primeiras consultas	1.292.636	1.324.650	2,48	31.102	35.502	14,1
Consultas sucesivas	2.862.889	2.755.088	-3,77	67.900	69.071	1,7
Consultas de preanestesia e farmacia		137.449		-	2.300	
Consultas por mil habitantes	1.569	1.524	-2,89	1.404	1.481	5,4
Consultas sucesivas/primeiras	2,21	2,08	-6,08	2,18	1,95	-10,6
Urxencias atendidas	994.130	1.060.166	6,64	23.258	23.704	1,9
Ingresos urxentes	146.594	151.454	3,32	3.142	3.455	10,0
Urxencias por mil habitantes	375,46	396,04	5,48	329,94	335,60	1,7
Presión de urxencias (%)	62,69	64,02	2,12	65,42	64,05	-2,1
% de urxencias ingresadas	14,75	14,29	-3,12	13,51	14,58	7,9
Urxencias/día	2.723,64	2.904,56	6,64	63,72	64,94	1,9

Os denominadores poboacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria  
Fonte: Sergas

4.17.

GRD (1) máis frecuentes no Hospital da Costa 2003

	Peso medio	Altas válidas	(%)	Estadía media	UPH
Parto sen complicacións	0,5474	262	4,88	2,79	143
Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc	0,6620	137	2,55	3,02	91
Dilatación e legrado, conización excepto por neoplasia maligna	0,6260	137	2,55	1,90	86
Cesárea, sen complicacións	0,8330	110	2,05	6,48	92
Neonato, peso ó nacer >2499 g, sen p.cir.signif.,con outros problemas	0,7316	99	1,84	2,57	72
Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc	1,1034	95	1,77	7,24	105
Substitución de cadeira excepto por complicacións	3,7557	92	1,71	7,47	346
Anxina de peito	0,8910	90	1,68	8,42	80
Colecistectomía laparoscópica sen explorac. conducto biliar sen cc	0,8620	75	1,40	4,39	65
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc	0,8757	67	1,25	3,22	59
Trast. Respiratorios exc. Infeccións, bronquite, asma con cc maior	2,3654	65	1,21	10,71	154
Bronquite e asma idade >18 sen cc	0,6157	65	1,21	5,22	40
Proc. Extr. Inferior e útero exc. Cadeira, pé, fémur idade >17 sen cc	1,2802	60	1,12	3,30	77
Trast. Circulatorios con IAM sen compl. Maiores, alta con vida	1,7389	58	1,08	9,24	101
Insuficiencia cardíaca e choque	1,4851	58	1,08	8,90	86
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	1,1655	56	1,04	10,16	65
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	0,4915	56	1,04	1,61	28
Porcedementos misceláneos sobre oído, nariz, boca e gorxa	0,6786	55	1,02	2,62	37
Amigdalectomía e/ou adenoidectomía só, idade <18	0,5105	53	0,99	2,13	27
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial	2,0507	52	0,97	10,90	107

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos  
Fonte: Sergas

**4.18.**

*Lista de espera na área funcional da Mariña lucense 2003*

	Hospitalización cirúrxica				Espera media (días)	Consultas externas	
	0 a 3 mese	3-6 mese	6 meses a 1 ano	Total		Pacientes atendidos	Espera media (días)
	(nº pacientes)						
Hospital da Costa	588	94	-	682	52,2	94.302	27,2
Hospital Xeral-Calde (1)	1.696	833	-	2.529	70,7	278.361	52,5
<b>Total</b>	<b>2.284</b>	<b>927</b>	<b>-</b>	<b>3.211</b>	<b>-</b>	<b>372.663</b>	<b>-</b>

(1) O Hospital Xeral-Calde só acolle á poboación do concello de A Pontenova  
 Fonte: *Sergas*

no ano anterior, o que supón o 2,2% das urxencias totais do sergas. A cantidade de urxencias atendidas ó día no Hospital da Costa pasa de 63,72 no ano 2002 a 64,94 no ano 2003, o que supón un incremento do 1,9%.

O estudo da casuística, **cadro 4.17.**, permite analiza-la produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. No Hospital da Costa, o parto sen complicacións, os procedementos sobre hernia inguinal e femoral con máis de 17 anos e sen complicacións e a dilatación e legrado, conización excepto por neoplasia maligna son os responsables do maior número de altas válidas, con 262, 137 e 137, respectivamente.

No que respecta á lista de espera, no Hospital da Costa ó longo do ano 2003 había un total de 682 pacientes na lista de espera cirúrxica, cunha espera media de 52,2 días, dos que o 86,2% (588 pacientes) esperaron menos de 3 meses para ser atendidos. No que respecta ás consultas externas, o número de pacientes atendidos no citado hospital ascendeu no ano 2003 a 94.302, cunha espera media de 27,2 días (**cadro 4.18.**).

## Servicios sociais

Tal como se determina no artigo 3 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, a renda de integración social de Galicia e mailas axudas para situacións de emerxencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidos na citada lei e segundo os preceptos contidos nela.

En concreto, a **renda de integración social de Galicia** configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2003 está contida no **cadro 4.20.**

No que respecta ás rendas de integración social, o número de beneficiarios na

4.19.

Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2003

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	Solicitudes	Beneficiarios	Solicitudes	Beneficiarios
<b>A Mariña Lucense</b>	<b>33</b>	<b>58</b>	<b>52</b>	<b>47</b>
A Mariña Central	12	19	21	20
A Mariña Occidental	15	31	26	22
A Mariña Oriental	6	8	5	5
Provincia de Lugo	329	540	409	337
Galicia	2.737	4.499	2.960	1.834
A Mariña / Lugo (%)	10,0	10,7	12,7	13,9
A Mariña / Galicia (%)	1,2	1,3	1,8	2,6

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social

área funcional da Mariña lucense ascendeu no ano 2003 a 58 persoas, existindo no citado ano un total de 33 solicitudes novas. Comparando co conxunto da provincia de Lugo e da comunidade autónoma, a área funcional acolle ó 10% e ó 10,7% do total de solicitudes e beneficiarios desta renda da provincia de Lugo e o 1,2% e o 1,3% do total de solicitudes e beneficiarios da Risga a nivel galego.

Atendendo á distribución comarcal, o citado **cadro 4.19.** mostra como o 53% dos beneficiarios da Risga pertencen á comarca da Mariña Occidental (31 beneficiarios), fronte á comarca da Mariña Oriental, que, con 8 beneficiarios, acolle só o 13,8% dos beneficiarios totais da área funcional.

As **axudas de emerxencia social** teñen como obxectivo o establecemento de axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área funcional da Mariña lucense ascendeu no ano 2003 a 47 persoas, producíndose un total

de 52 solicitudes no citado ano. Comparando co número de beneficiarios e solicitudes da provincia de Lugo e do conxunto de Galicia, a área funcional analizada acolle ó 12,7% e o 13,9% das solicitudes e beneficiarios da provincia de Lugo e o 1,8% e o 2,6% do total de solicitudes e beneficiarios galegos.

Atendendo á distribución comarcal das axudas de emerxencia social, observamos no **cadro 4.19.** que o 46,8% do total de beneficiarios destas axudas pertencen á comarca da Mariña Occidental (22 beneficiarios), seguida da comarca da Mariña Central, con 20 beneficiarios, e da comarca da Mariña Oriental, con 5 beneficiarios.

No eido das **persoas maiores**, o **cadro 4.20.** reflicte que a poboación maior de 65 anos na área funcional da Mariña lucense ascendeu no ano 2002 a 18.573 persoas, o que supón o 24,6% da poboación total da área funcional. Esta porcentaxe acada o 27,6% na provincia de Lugo e o 21,2% no conxunto de Galicia. Comparando co volume de poboación maior de 65 anos existente na provincia de Lugo e no conxunto de Galicia, a poboación con esta idade na área funcional

**4.20.**

**Poboación maior na área funcional da Mariña Lucense a 1-1-2002**

	Poboación de 65 e máis anos		Poboación 3ª idade (65 a 84 anos)		Poboación 4ª idade (85 e máis anos)		Índice de velez (1)	Índice de senectude (2)	Índice de envellecemento (%) (3)	Índice de dependencia maiores (4)			
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres					Total	Homes	Mulleres
<b>A Mariña Central</b>	7.320	3.058	4.262	6.340	2.742	3.598	980	316	664	24,1	13,4	235,1	36,6
Alfoz	796	337	459	687	306	381	109	31	78	33,2	13,7	375,5	57,3
Burela	1.066	459	607	966	427	539	100	32	68	13,0	9,4	94,9	17,8
Foz	2.103	868	1.235	1.846	785	1.061	257	83	174	21,9	12,2	205,6	32,4
Lourenzá	893	386	507	744	334	410	149	52	97	32,1	16,7	429,3	53,2
Mondotido	1.720	691	1.029	1.465	613	852	255	78	177	34,5	14,8	464,9	59,4
Valadouro	742	317	425	632	277	355	110	40	70	31,3	14,8	416,9	51,1
<b>A Mariña Occidental</b>	6.299	2.655	3.644	5.534	2.441	3.093	765	214	551	22,6	12,1	208,3	34,0
Cervo	826	358	468	717	320	397	109	38	71	16,5	13,2	162,9	22,4
Ouro	658	283	375	574	257	317	84	26	58	44,9	12,8	854,5	90,1
O Vicedo	668	289	379	586	267	319	82	22	60	29,0	12,3	330,7	46,6
Viveiro	3.324	1.352	1.972	2.933	1.249	1.684	391	103	288	21,5	11,8	174,9	32,5
Xove	823	373	450	724	348	376	99	25	74	22,7	12,0	243,5	33,4
<b>A Mariña Oriental</b>	4.954	2.069	2.885	4.330	1.879	2.451	624	190	434	28,5	12,6	319,1	45,5
Barreiros	1.055	452	603	915	411	504	140	41	99	31,4	13,3	447,0	51,1
APontenova	1.081	489	592	936	433	503	145	56	89	33,1	13,4	387,5	56,9
Ribadeo	2.288	912	1.376	2.022	844	1.178	266	68	198	25,0	11,6	250,3	38,4
Trabada	530	216	314	457	191	266	73	25	48	32,8	13,8	434,4	55,0
<b>Área funcional A Mariña</b>	<b>18.573</b>	<b>7.782</b>	<b>10.791</b>	<b>16.204</b>	<b>7.062</b>	<b>9.142</b>	<b>2.369</b>	<b>720</b>	<b>1.649</b>	<b>24,6</b>	<b>12,8</b>	<b>241,6</b>	<b>37,7</b>
Lugo	99.955	43.273	56.682	87.033	38.689	48.344	12.922	4.584	8.338	27,6	12,9	278,0	44,3
Galicia	579.658	238.645	341.013	510.572	217.773	292.799	69.086	20.872	48.214	21,2	11,9	182,8	31,5

(1) Índice de velez: (Poboación de 65 e máis anos/ Poboación total)\*100  
(2) Índice de senectude: (Poboación de 85 e máis anos/ Poboación de 65 e máis anos)\*100  
(3) Índice de envellecemento: (Poboación de 65 e máis anos/ Poboación de 0 a 14 anos)\*100  
(4) Índice de dependencia dos maiores: (poboación de 65 e máis anos/ Poboación de 15 a 64 anos)\*100

Fonte: Anuario Social de La Caixa

da Mariña supón o 18,6% do total da provincia de Lugo e o 3,2% do total galego.

Atendendo ós diferentes índices recollidos no devandito **cadro 4.20.**, cómpre salientar que a área funcional obxecto de análise presenta valores superiores en tódolos índices ós rexistrados para o conxunto da comunidade autónoma, mentres que en comparación cos valores dos índices rexistrados para a provincia de Lugo, a área funcional presenta en tódolos casos valores menores.

O **índice de vellez** relaciona a poboación maior de 65 anos coa poboación total. Este índice presenta un valor na área funcional de 24,6%, de xeito que 24,6 persoas de cada cen na área funcional teñen máis de 65 anos, fronte ás 21,2 de cada cen de media para Galicia. A nivel comarcal, o maior índice de vellez corresponde á comarca da Mariña Oriental, co 28,5% da súa poboación total maior de 65 anos. A nivel municipal destaca o concello de Ourel, co 44,9% da súa poboación con máis de 65 anos, fronte ó concello de Burela, con só o 13%.

O **índice de senectude** é a porcentaxe de poboación maior de 85 anos sobre a poboación de máis de 65 anos. Este índice presenta un valor do 12,8% para o conxunto da área funcional, fronte ó 11,9% de Galicia. A nivel comarcal destaca a Mariña Oriental, onde o 12,6% da poboación maior de 65 anos ten máis de 85 anos. A nivel municipal, o concello cun maior índice de senectude é o de Lourenzá (16,7%).

O **índice de envellecemento** é a

porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación de 0 a 14 anos. Este índice presenta un valor para o conxunto da área funcional de 241,6%, fronte o 182,8% para o conxunto de Galicia. A nivel comarcal destaca a comarca da Mariña Oriental, cun índice do 319,1%, e a nivel municipal o concello de Ourel é o que presenta un índice de senectude maior (854,5%).

Finalmente, o **índice de dependencia de maiores** mostra o número de persoas de 65 e máis anos por cada 100 persoas potencialmente activas. Este índice alcanza un valor do 37,7% para o conxunto da área funcional, fronte ó 31,5% do conxunto de Galicia. A nivel comarcal a comarca cun maior índice de dependencia de maiores é a da Mariña Oriental, co 45,5%, e o concello cun índice maior é o de Ourel, co 90,1%.

Tendo en conta que se entende por **residencia** o centro destinado a vivenda permanente e común no que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores, a 1 de xaneiro de 2002, **cadro 4.21.**, a área funcional da Mariña lucense contaba con catro residencias, dúas públicas e dúas privadas, o que supón o 28,6% e o 18,2%, respectivamente, das residencias públicas e privadas existentes na provincia de Lugo.

Na comarca da Mariña Oriental está situada a única vivenda comunitaria existente na área funcional obxecto de estudo, entendo como tal, os equipamentos de pequeno ou mediano tamaño destinados a albergar en réxime de convivencia cuasi-familiar a un número máximo de 12

#### 4.21.

#### Centros prestadores de servicios sociais 2002: persoas maiores

	Residencias			Vivendas comunitarias	Apartamentos tutelados	Centros de día	Fogares e clubs	Outros centros sociais
	Públicas	Privadas	Total					
<b>Área a Mariña lucense</b>	2	2	4	1	-	-	-	3
A Mariña Central	1	1	2	-	-	-	-	1
A Mariña Occidental	-	1	1	-	-	-	-	1
A Mariña Oriental	1	-	1	1	-	-	-	1
Provincia de Lugo	7	11	18	8	2	1	2	9
Galicia	30	83	113	49	2	16	12	52
A Mariña/Lugo	28,6	18,2	22,2	12,5				33,3
A Mariña/Galicia	6,7	2,4	3,5	2,0				5,8

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores

#### 4.22.

#### Prazas nas residencias públicas da terceira idade 2003

	Rede da Xunta de Galicia	Rede Municipal	Total
<b>Área a Mariña lucense</b>	92	50	142
Residencia da 3ª idade de Burela	92		92
Hospital asilo San Sebastián e San Lázaro (Ribadeo)		50	50

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores

persoas maiores, preferentemente cun alto grao de autovalemento.

No conxunto da área funcional da Mariña lucense non existe ningún apartamento tutelado, centro de día ou fogar e club.

Dentro da área funcional da Mariña lucense existen, tal como se sinalou anteriormente, dúas residencias públicas da terceira idade, a residencia da 3ª idade de Burela –pertence á rede da Xunta de Galicia e conta con 92 prazas– e o hospital asilo San Sebastián e San Lázaro, emprazado no concello de Ribadeo –pertence á rede municipal e conta con 50 prazas– (cadro 4.22.). ■

